

I CONVOCATORIA DE BOLSAS DE INVESTIGACIÓN SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓNS

Co obxectivo de fomentar o coñecemento histórico e actual do Camiño de Santiago e das Peregrinacións, así como a promoción e difusión dos valores a eles asociados nas súas diferentes facianas, cumprindo deste xeito cos fins para a que foi creada, a Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da USC lanza a **I Convocatoria de Bolsas de Investigación sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións** coas seguintes

BASES

1.- DESTINATARIOS/AS

Doutorandos/as, investigadores/as e profesores/as universitarios, nacionais ou estranxeiros/as, que desenvolvan a súa actividade investigadora encol do Camiño de Santiago e as Peregrinacións.

2.- BOLSAS

Outorgaranse tres bolsas, cada una delas por una contía de 1.500 €, destinados a sufragar os gastos de viaxe e aloxamento durante un período de tempo máximo dun mes de estadía en Santiago de Compostela. Durante se tempo, a concesión da bolsa incluírá a participación dos/as beneficiarios/as nas actividades programadas pola Cátedra.

As estadias deberán realizarse desde o primeiro de setembro ata o trinta de novembro.

Os investigadores serán inscritos no rexistro de investigadores visitantes da USC.

A adxudicación destas bolsas será incompatible con calquera outra bolsa ou actividade retribuída concedida pola USC.

A concesión e aproveitamento dunha bolsa non establece relación contractual ou estatutaria de ningún tipo coa USC nin implica compromiso en canto á posterior incorporación do interesado/a ao seu cadro de persoal.

No caso de renuncia deberá comunicalo por escrito á Dirección da Cátedra no prazo dunha semana despois de ter recibido a comunicación da súa concesión.

3.- SOLICITUDES

Contido

As persoas interesadas deberán presentar un guiión razoado dun folio de extensión, onde se detallarán:

- Os obxectivos que pretende acadar a investigación a desenvolver.

- A metodoloxía a empregar.
- Os centros (arquivos, bibliotecas...) onde se desenvolverá a investigación.
- As distintas fases da realización do traballo.

No caso de que o candidato/a xa teña en marcha una investigación, deberá informar no seu escrito de solicitude as súas características e os obxectivos parciais acadados ata o presente.

Lugar de presentación

As solicitudes, acompañadas de copia do Documento Nacional de Identidade ou do pasaporte presentaranse nos Rexistros Xerais da USC, sitos no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 1572, Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase una lista provisoria de solicitantes. Os/as aspirantes excluídos/as, disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

Unha vez publicada a resolución inapelable da Comisión, os/as concursantes poderán recuperar a documentación presentada durante os seguintes tres meses. Despois será destruída.

Prazo

O prazo de presentación abrirase ao día seguinte da publicación do mesmo e pecharase o xoves 31 de Maio.

4.- RESOLUCIÓN

A selección das candidaturas será competencia da propia Cátedra e será realizada por unha Comisión presidida polo Director da Cátedra e participada polos dous co-directores, atendendo os seguintes criterios:

- Expediente académico e curriculum investigador do solicitante (10%).
- Viabilidade do proxecto investigador presentado (30%).
- A orixinalidade do traballo (20%).
- As novidades dos obxectivos propostos (20%).
- A actualidade e calidade da súa metodoloxía (20%).

A resolución terá lugar durante o mes de xuño. No caso de que a Comisión encargada da selección de candidaturas considere que ningunha delas presenta un nivel de calidade científico axeitado, poderase declarar deserta a convocatoria.

A Dirección da Cátedra fará un seguimento continuado do desenvolvemento do traballo dos bolseiros/as, podendo anular en calquera momento a concesión da bolsa se non se cumpren as fases de realización ou os obxectivos presentados.

Todos os actos derivados da presente convocatoria publicaranse no taboleiro electrónico da USC e na páxina web da Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións <http://www.catedradelcaminodesantiago.com>.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de

Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 18 de Abril de 2018

O REITOR

(por delegación de competencias, RR. do 22/09/2015

A Vicerreitora de Internacionalización

Almudena Hospido Quintana